



### CONCELLOS

#### BARALLA

##### *Anuncio*

Unha vez informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, en sesión celebrada o día 28 de abril de 2021, a Conta Xeral correspondente ao exercicio económico 2020, de conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposta ao público na Secretaría - Intervención deste Concello, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o dito prazo e oito días máis os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Baralla, 29 de abril de 2021.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 1262

#### BURELA

##### *Anuncio*

Mediante o presente anuncio faise público o Decreto de Alcaldía núm. 2021/0154, ditado con data 4 de marzo de 2021, polo que se adoptan unha serie de medidas complementarias para a implementación do "Plan de Hostalaría Segura da Comunidade Autónoma de Galicia", no termo municipal do Concello de Burela, e cuxo tenor literal é o seguinte,

**"PRIMEIRO.** O pasado 25 de febreiro de 2021, foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 38-Bis, a orde ditada nesa mesma data pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, en virtude da cal se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de Hostalaría Segura da Comunidade Autónoma de Galicia (PHSG).

Dito PHSG, segundo o establecido no apartado primeiro do dispositivo cuarto da Orde do 25 de febreiro do 2021 - ditada tamén pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia -, basease nas seguintes liñas fundamentais:

*"a) Corresponsabilidade dos operadores económicos na aplicación, cumprimento e seguimento do plan e na colaboración no establecemento de medidas e instrumentos que contribúan ao control e seguimento de posibles abrochos, incluíndo a rastrexabilidade dos posibles contactos, co obxecto de garantir unha actividade nas adecuadas condicións de seguridade.*

*b) Definición de criterios claros e precisos para a organización e utilización de espazos, condicións de adecuada ventilación que velen pola calidade do aire interior, e determinación de ocupación para efectos da aplicación das medidas sanitarias de prevención.*

*c) Colaboración coas entidades representativas do sector para o estudo, deseño e implementación das medidas de prevención aplicables, incluída a promoción da existencia de mecanismos de autocontrol e auditoría de cumprimento.*

*d) Xeración de confianza nos usuarios, así como información e concienciación deles sobre as medidas de prevención e o seu necesario cumprimento.*

*e) Establecemento dun plan de control e inspección autonómico e a adecuada colaboración coas entidades locais nas súas competencias de control e inspección, especialmente con aquelas de menor tamaño e medios.*

*f) Colaboración das forzas e corpos e forzas de seguridade no control e inspección".*

A motivación do devandito plan, segundo as disposicións autonómicas citadas, parte do feito de que “Os establecementos de hostalaría e restauración son ambientes que favorecen os encontros entre persoas que comparten un mesmo espazo, con proximidade, e durante os cales se produce o consumo de alimentos ou bebidas e a consecución necesaria de retirar a máscara nese instante”, e que, en dito contexto “faise necesario velar polo cumprimento das medidas na totalidade dos locais de hostalaría da nosa Comunidade, dado o seu carácter de lugares de convivencia e interacción social, e establecer controis por parte dos corpos de inspección sanitarios e polos corpos e forzas de seguridade que operan en Galicia”, de xeito que “na situación actual, na cal existe unha taxa de incidencia que se considera de alto risco de infección, resulta aínda imprescindible manter as medidas, tendentes en definitiva a limitar a interacción social e, polo tanto, limitar os niveis de transmisión, con vistas a que se dean as condicións para unha apertura gradual, progresiva e segura”.

**SEGUNDO.** Cómpre sinalar en relación co PHSG, que o seu obxecto, non é outro que o de establecer e regular as actuacións necesarias para a súa posta en marcha, porén, dita circunstancia non exclúe a eficacia nin a exención do cumprimento das medidas preventivas que, en función da evolución epidemiolóxica, sexan precisas en ámbitos territoriais ou sectores concretos.

En todo caso, o PHSG vén a establecer un concreto réxime de información ao público, de capacidades máximas dos ditos establecementos de hostalaría ou restauración - tanto no interior, como no exterior, dos bares, cafés e restaurantes -, e de responsabilidade sobre o cumprimento destas.

Loxicamente, as obrigas e requisitos establecidas no dito plan para a reapertura segura e progresiva do sector hostaleiro en Galicia, son plenamente compatibles coas obrigas e requisitos impostos pola vixente normativa sectorial e técnica que lle resulta de aplicación ás actividades de restauración referidas, así como aos establecementos onde estas se desenvolven; nomeadamente, seguen sendo de aplicación a ditos actividades de bar, café e restaurante, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECEG), así como a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (LEPARG), o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), o Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia (CEARG), e, no ámbito do territorio municipal do Concello de Burela, a Ordenanza sobre regulación integrada de actividades económicas, apertura de establecementos e desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas (ORIAE) - publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 32, do 7 de febreiro de 2019 -.

**TERCEIRO.** No tocante ao réxime de información ao público, de capacidades máximas dos establecementos de restauración sitos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia - e, por ende, no termo municipal do Concello de Burela -, o dispositivo segundo da orde pola que se pon en marcha o PHSG, dispón o seguinte,

“1. No contexto da reapertura segura e progresiva do sector hostaleiro de Galicia, os establecementos deberán declarar e manter accesible ao público e á autoridade sanitaria a súa capacidade máxima, interior e exterior, do xeito que se determina nos puntos seguintes.

2. Cada establecemento será responsable das capacidades máximas que declare, así como de controlar en todo momento que as porcentaxes máximas de uso sexan respectadas. Esta información poderá ser auditada polos distintos mecanismos de control e auditoría establecidos, para os efectos de seguir o seu correcto cumprimento.

Para tal efecto, a persoa responsable do establecemento deberá dispor, en soporte físico, da documentación acreditativa das superficies utilizadas para os cálculos das capacidades, do xeito descrito nos puntos seguintes”.

Pois ben, com facilmente se pode deducir da disposición transcrita, as persoas titulares dos establecementos de hostalaría ou restauración, teñen a obriga de declarar a capacidade máxima interior e exterior destes, determinada consonte o establecido nos dispositivos terceiro e cuarto da dita orde pola que se pon en marcha o PHSG.

Así mesmo, ditos persoas titulares dos ditos establecementos teñen a obriga de controlar que non se sobrepasa a capacidade máxima fixada polas autoridades sanitarias para estes e, neste sentido, dita información pode ser auditada para acreditar o seu correcto cumprimento, pero, ademais, será tamén obriga das devanditas persoas responsables de dispor, en soporte físico, da documentación acreditativa das superficies utilizadas para os cálculos das capacidades.

**CUARTO.** No tocante á obriga de información ao público ou persoas usuarias dos establecementos de hostalaría ou restauración, o dispositivo quinto da dita orde pola que se pon en marcha o PHSG, dispón que,

“1. A apertura ao público do establecemento implicará a obriga de dispor nun lugar visible do acceso, preferentemente na porta de entrada, dun cartel que sexa de doada lectura, no cal conste a seguinte información:

a) Interior:

- Capacidade máxima interior permitida en condicións normais.

- *Porcentaxe máxima de uso interior establecida pola autoridade sanitaria en cada momento en función da situación epidemiolóxica.*

- *Capacidade máxima interior permitida en cada momento en función da aplicación da porcentaxe máxima de uso establecida pola autoridade sanitaria.*

b) Exterior:

- *Capacidade máxima exterior permitida en condicións normais.*

- *Porcentaxe máxima de uso exterior establecida pola autoridade sanitaria en cada momento en función da situación epidemiolóxica.*

- *Capacidade máxima exterior permitida en cada momento en función da aplicación da porcentaxe máxima de uso establecida pola autoridade sanitaria.*

2. *A persoa responsable do establecemento virá obrigada a manter actualizada esta información cada vez que se produza un cambio no nivel de restricións aplicables ao ámbito territorial en que se atope o local, tanto na capacidade interior coma na exterior.*

3. *Para os efectos do establecido neste punto, deberán utilizarse os modelos de cartel postos á disposición para a súa impresión na páxina web <https://coronavirus.sergas.gal/>.*

Respecto das regras básicas sobre a disposición do mobiliario no interior e o exterior dos establecementos de hostalería ou restauración, o dispositivo sexto da devandita orde, dispón que,

*"1. Para facilitarlles ás persoas usuarias e traballadoras do establecemento o coñecemento e cumprimento das regras de capacidade e porcentaxe máxima de uso, así como para garantir as distancias mínimas de seguridade persoal, tanto no interior coma no exterior, as mesas e cadeiras montadas deberán corresponderse coas capacidades permitidas en condicións normais, e procederase a inutilizar, mediante bandas ou adhesivos, as mesas e cadeiras que sexa necesario de xeito que só se poidan utilizar as mesas e cadeiras correspondentes ás porcentaxes máximas de uso en cada momento.*

*2. A distribución das mesas e cadeiras deberá respectar en todo momento as distancias mínimas de separación previstas pola autoridade sanitaria".*

E, no tocante á rastrexabilidade, o dispositivo sétimo da devandita disposición, establece que,

*"1. A persoa titular do establecemento obterá un código QR na páxina web <https://coronavirus.sergas.gal/>*

*2. A través da aplicación da Xunta de Galicia Passcovid, os usuarios do establecemento poderán rexistrar a súa presenza nel mediante a captura do código QR, o cal axudará a detectar posibles concentracións de contaxios con maior rapidez.*

*3. Para aquelas persoas que non dispoñan da aplicación Passcovid, o local poderá dispor de QR personalizados para entregarlles aos usuarios e que permitan a súa rastrexabilidade en caso de detección de casos positivos".*

**QUINTO.** Exposto o réxime xurídico de aplicación ao sector da hostalería ou restauración, establecido no PHSG, compre dicir que, a competencia en materia de inspección e control sobre o seu cumprimento e implementación - sen prexuízo das competencias da Administración Pública autonómica -, correspóndelle aos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, nomeadamente e polo que aquí interesa, ao Concello de Burela, no ámbito territorial do termo municipal.

Neste sentido, debe terse en conta que o apartado segundo do dispositivo cuarto da dita Orde do 25 de febreiro do 2021 - ditada pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia -, dispón que *"O Plan de hostalaría segura terá a consideración de plan sanitario para os efectos do previsto no artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, polo que as entidades locais, participarán na súa aplicación e cumprimento mediante o exercicio das súas competencias de control sanitario establecidas na lei".*

Por outra parte, debe terse en conta tamén que o apartado primeiro do dispositivo terceiro da devandita Orde do 25 de febreiro do 2021, dispón que, con carácter xeral *"A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público".*

Pois ben, sendo o PHSG un plan sanitario nos termos do artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (LSAUG), debe terse en conta que o seu apartado terceiro, letras c) e d), dispón que *"Os concellos, sen prexuízo das competencias das demais administracións públicas, **terán en relación co obrigado cumprimento das normas e dos plans sanitarios as seguintes obrigas derivadas das súas competencias:** [...] **O control***

**sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes que impacten na saúde da súa cidadanía [...] O control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente dos centros de alimentación, perruquerías, saunas e centros de hixiene persoal, hoteis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade física, deportiva e de recreo**".

Así mesmo, **a autoridade sanitaria que debe velar polo cumprimento do dito plan e, por ende, polo control e inspección dos establecementos hostaleiros ou de restauración deste, no ámbito do Concello de Burela, é, consonte o establecido no artigo 33.1 da LSAUG, a persoa titular da Alcaldía**, toda vez que dito precepto dispón que "*Dentro das súas respectivas competencias, teñen a condición de autoridade sanitaria [...] os alcaldes ou alcaldesas*", correspondéndolle - tal e como dispón o apartado segundo do precepto citado -, no ámbito das competencias que en materia sanitaria ostenta a dita Administración local "*[...] establecer as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, entre eles os previstos nos artigos 34.12 e 38*".

Sendo isto así, a persoa titular da Alcaldía do Concello de Burela, na súa condición de autoridade sanitaria e consonte o disposto no artigo 38.1, letras k) e m), da LSAUG, pode adoptar as medidas preventivas en materia de saúde pública consistentes "**Na obriga de subministración de datos necesarios para o control e a contención do risco para a saúde pública de que se trate e no rexistro dos datos subministrados, en especial de datos que permitan a identificación de persoas procedentes de lugares ou asistentes a actividades ou establecementos que presenten un risco de transmisión de enfermidades infectocontaxiosas, co obxecto de que as autoridades sanitarias poidan desenvolver o seu labor de control e investigación epidemiolóxica de gromos ou situacións de especial risco para a saúde da poboación**" - sen prexuízo de que "*[...] os datos rexistrados serán os estritamente indispensables para cumprir coa dita finalidade de control e contención de risco, e os datos de carácter persoal serán tratados con estricto respecto á normativa en materia de protección de datos*" -, así como "*[...] calquera outra medida axustada á legalidade vixente e sanitariamente xustificada*".

**SEXTO.** O anterior réxime de inspección e control en materia de saúde pública - en particular, respecto do cumprimento do PHSG, por parte dos establecementos de hostalería e restauración radicados no termo municipal do Concello de Burela -, é perfectamente compatible co réxime de inspección e control de actividades establecido nas vixentes LECEG e LEPARG, así como no RIAE, e na ORIAE.

Neste senso, debe recordarse que, consonte o disposto nos artigos 28.2 da LECEG, 5 da LEPARG, 3.2 do RIAE, e 22 e seguintes da ORIAE, o Concello de Burela, ostenta, entre outras, as competencias para: (i) a comprobación, control e inspección das actividades de hostalería e restauración; (ii) a realización de todas as actuacións precisas para o axeitado desenvolvemento das ditas competencias.

Ademais, o artigo 2.1, letra e), da ORIAE, en relación co establecido nos artigos 84.1, letra e), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), 286.1, letra e), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG), dispón que "*O Concello de Burela pode intervir na actividade da cidadanía a través dos seguintes medios: [...] Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a súa prohibición*".

Tamén, como se indicou, as obrigas impostas pola autoridade sanitaria autonómica ao sector hostaleiro ou da restauración - nomeadamente, as impostas por esta no PHSG -, son perfectamente compatibles coas establecidas nas devanditas normas reguladoras das actividades recreativas de restauración.

De xeito que, cómpre recordar polo tanto que, consonte o disposto no artigo 27.1 da LECEG "**Quen exerza a titularidade das actividades debe garantir que os seus establecementos manterán as mesmas condicións que tiñan cando estas foron iniciadas, así como tamén adaptar as instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan**", e que o artigo 7.1 da LEPARG, dispón que "*Os establecementos ou espazos abertos ao público, os espectáculos públicos e as actividades recreativas sometidas a esta lei deberán reunir as condicións de seguridade, calidade, comodidade, accesibilidade, salubridade e hixiene apropiadas para garantir os dereitos do público asistente e de terceiras persoas afectadas, a convivencia veciñal e a integridade dos espazos públicos [...]*".

E, nese sentido e a tales efectos, o artigo 4 da ORIAE, dispón que "**As persoas responsables das actividades e establecementos están obrigadas a desenvolverlas e mantelas nas debidas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade e calidade ambiental, en especial calidade acústica, reducindo a posible afección dos espazos públicos e empregando as mellores técnicas dispoñibles, que se é o caso, resultaren necesarias para o cumprimento das condicións expresadas, realizando as actuacións oportunas dirixidas a garantir a normativa vixente en cada momento, aplicable a dita actividade**".

Sendo isto así, todos e cada un dos establecementos de hostalería e restauración situados no termo municipal do Concello de Burela e as persoas que ostenten a súa titularidade - con independencia da data en que obtivesen a licenza de actividade ou presentasen o preceptivo título habilitante (comunicación previa ou declaración responsable) para o desenvolvemento destas -, están obrigados a adaptar os ditos locais á normativa vixente en cada momento, tamén, lxicamente, á normativa que lles resulte de aplicación en materia de saúde pública - nomeadamente, ao PHSG -.

Desde esta última perspectiva, o Concello de Burela, de acordo coas competencias que lle confire o ordenamento xurídico, ostenta a facultade, pero tamén a obriga, de velar por que a dita normativa vixente en cada momento, sexa cumprida nos ditos establecementos de hostalería e restauración situados no ámbito territorial do seu

termo municipal, podendo realizar as inspeccións e controis que resulten oportunos sobre estes, pero tamén - previa tramitación do procedemento legalmente establecido -, ordenando ás persoas titulares realizar as actuacións que sexan precisas a tal efecto.

Dito o cal, respecto das medidas preventivas en materia de saúde pública establecidas no artigo 38.1, letras k) e m), da LSAUG, consonte o disposto no apartado primeiro do seu artigo 38 ter, o Concello de Burela poderá adoptalas “[...] *coa urxencia que o caso requira, sen necesidade de seguir un procedemento administrativo específico e con independencia das medidas provisionais que se poidan adoptar de acordo coa lexislación vixente no seo dun procedemento administrativo ou con anterioridade á súa iniciación*”, sempre e cando dita adopción se faga na forma prevista no apartado segundo deste último precepto.

**SÉTIMO.** Sobre a base do exposto ata aquí, e, de xeito particular, tendo en conta o establecido no PHSG, a persoa titular da Alcaldía do Concello de Burela, na súa condición de autoridade sanitaria, pero tamén como autoridade responsable do cumprimento da normativa vixente que lle resulta de aplicación aos establecementos da hostalería ou restauración, considera que, para dotar de maior seguridade xurídica e, por suposto, para asegurar que se dá cumprimento a todas as garantías, dereitos e obrigas sanitarias, tanto das persoas usuarias, como das persoas titulares e traballadoras destes, debe establecer unha serie de medidas complementarias ás impostas en dito plan sanitario autonómico que, ademais, permitan realizar eficazmente a labor de control e inspección destes por parte tanto da Policía Local, como das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, así como do persoal técnico municipal ou autonómico que puidese ser designado ao efecto.

Neste sentido, a primeira medida que se estima oportuno adoptar, é a relativa á obriga das persoas titulares dos establecementos de hostalería ou restauración, a presentar ante esta Administración local, mediante a oportuna comunicación e no improrrogable prazo de dez días desde a publicación do presente decreto no Boletín Oficial de Provincia de Lugo, un certificado suscrito por técnico/a competente, no que se recollan os seguintes extremos:

1º.- A cualificación da actividade ou actividade/s de restauración que se desenvolve/n no establecemento de restauración, consonte as tipoloxías recollidas no anexo do vixente Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

2º.- A capacidade interior do establecemento de restauración, calculada consonte o establecido no dispositivo terceiro do PHSG.

3º.- A capacidade interior do establecemento de restauración, calculada consonte o disposto no artigo 7, letra a), do dito Decreto 124/2019, do 5 de setembro, e, por ende, consonte o disposto no vixente Documento básico DB-SI.3 - seguridade en caso de incendio/evacuación de ocupantes -, do Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo.

4º) Un plano de planta acoutado a escala axeitada, no cal se identifique adecuadamente a disposición do mobiliario no interior do establecemento de restauración ou hostalería, así como as súas diversas dependencias de uso público e privado, e o respectivo cadro de superficies destas.

O devandito plano acoutado, ademais de integrar a documentación do devandito certificado, tamén deberá expoñerse nun lugar visible do establecemento de hostalería ou restauración, aos efectos de facilitar a inspección e control por parte das autoridades sanitarias competentes, os seus axentes e o persoal inspector designado ao efecto.

Dito documento será debidamente dilixenciado polos Servizos Técnicos do Concello de Burela, e servirá de documento acreditativo das superficies utilizadas para os cálculos aos efectos do disposto no apartado segundo do dispositivo terceiro do PHSG.

Por outra parte, respecto das terrazas ao aire libre anexas aos establecementos de hostalería ou restauración, cómpre recordar que, para o desenvolvemento de ditas actividades nelas - estean estas situadas en espazos públicos ou espazos privados -, resulta preceptivo obter pola persoa titular destes, licenza de actividade para a súa instalación consonte o disposto nos artigos 41 b) da LECEG, e 44 b) da ORIAE.

Tal e como expresan ditos preceptos, a obriga de obter a dita licenza con carácter previo ao desenvolvemento das actividades de restauración referidas atende á “[...] concorrenza de razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública e protección do medio ambiente [...]”.

Pois ben, sen prexuízo de que a dita obtención da licenza para a instalación dunha terraza e desenvolvemento das actividades de hostalería e restauración nelas, é unha obriga legal, é evidente que, nun contexto como o actual de emerxencia sanitaria, dito título xurídico habilitante constitúe unha garantía máis para facer efectivas as medidas impostas, entre outras, pola autoridade sanitaria autonómica.

A tal efecto, debe terse en conta que a base do cálculo da capacidade exterior dos establecementos de hostalería e restauración establecida no dispositivo cuarto do PHSG, é a superficie de terraza fixada no correspondente título xurídico habilitante de carácter municipal - isto é, na licenza de actividade de instalación de terraza contemplada nos precitados artigos 41 b) da LECEG, e 44 b) da ORIAE -.

Polo tanto, ademais de por estritas razóns de legalidade, tamén por razóns de seguridade e saúde pública, non será posible, en ningún caso, nin en espazos públicos, nin en espazos privados, instalar ningunha terraza e desenvolver nesta as actividades propias do sector da hostalaría e restauración, se non se dispón da preceptiva licenza de actividade.

Tampouco será posible instalar unha terraza e/ou desenvolver a actividade nela se, ostentado licenza de actividade a tal efecto, porén, esta non se axusta ao proxecto ou memoria técnica en cuxa virtude foi outorgada, e todo elo sen prexuízo do eventual procedemento de reposición da legalidade que se poida iniciar nos termos establecidos na LECEG e na ORIAE, fronte ás persoas responsables de dita infracción.

Loxicamente, o anterior non será impedimento para que as persoas titulares de establecementos de restauración legalmente habilitados sitos no ámbito do termo municipal do Concello de Burela, poidan solicitar a preceptiva licenza de actividade para a instalación dunha terraza ao aire libre anexa nos termos dos artigos 42 ter da LECEG, e 48 da ORIAE, e con suxeición ás determinacións establecidas nas normas urbanísticas, de accesibilidade e técnicas que resulten de aplicación.

Indicar tamén que a licenza de actividade para a instalación de terrazas ao aire libre anexas aos establecementos de hostalería ou restauración legalmente habilitados, non exime da preceptiva obtención da licenza ou autorización de ocupación dos bens de dominio público de titularidade municipal, cando se pretenda instalar esta sobre os mesmos.

Finalmente, dado que o vixente artigo 34.15 da LSAUG, dispón que “[...] *por disposición directa desta lei, queda prohibido o consumo en grupo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas e noutros lugares de tránsito público*”, e dado que ademais o artigo 18.4 da Ordenanza municipal de Protección do Medio Ambiente en materia de rúidos e vibracións do Concello de Burela - publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 207, do 9 de setembro de 2009, e cuxa modificación está publicada no dito boletín núm. 135, do 13 de xuño de 2016 -, dispón que “*Os titulares dos establecementos que permiten a consumición das bebidas que expenden fóra do establecemento e dos lugares autorizados, serán considerados responsables, por cooperación necesaria, das molestias que se poidesen producir, e como tales seralles de aplicación o réxime sancionador desta ordenanza*”, resulta preciso establecer a obriga ás persoas titulares dos establecementos de hostalería ou restauración, de velar porque as bebidas alcohólicas - calquera que sexa a súa graduación -, adquiridas polas persoas usuarias nestes, non sexan destinadas ao seu consumo nas vías ou espazos públicos de titularidade municipal.

A tal efecto, no eventual suposto de que as persoas usuarias dos ditos establecementos pretendan consumir as ditas bebidas alcohólicas adquiridas nestes, fóra do interior do local, e fóra do ámbito delimitado das terrazas legalmente autorizadas, deberán poñer en coñecemento dito feito de inmediato á Policía Local ou, no seu caso, ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

En todo caso, deberá - tanto no interior do establecemento, como no exterior cando se teña instalada unha terraza amparada nunha licenza e nos termos legalmente establecidos -, colocarse un cartel informativo no que se indique de forma clara e visible que está prohibido o consumo en grupo de bebidas alcohólicas fóra do dito establecemento ou, no seu caso, do ámbito delimitado da terraza anexa a este.

**OITAVO.** Sen prexuízo do expresado no presente decreto en relación coas facultades do Concello de Burela de inspección e comprobación do cumprimento das medidas establecidas tanto no PHSG, e no presente decreto, o seguimento e inspección destas realizarase pola Policía Local un mínimo de dúas veces á semana, nos termos e co alcance establecidos no dispositivo oitavo de dito plan sanitario autonómico.

O anterior non será impedimento para que a persoa titular da Alcaldía poida designar o persoal funcionario municipal técnico competente, para efectuar as ditas tarefas de control e inspección, así como, tampouco, loxicamente, impedirá que as autoridades sanitarias autonómicas competentes exerzan as súas facultades de inspección sobre esta materia nos termos legalmente establecidos.

**NOVENO.** Finalmente debe significarse que as medidas adoptadas no presente decreto pola persoa titular da Alcaldía do Concello de Burela, na súa condición de autoridade sanitaria, e de acordo coas competencias que lle atribúe o ordenamento xurídico, non eximen, nin supoñen unha dispensa, nin un aprazamento, da obriga das persoas titulares dos establecementos de hostalería ou restauración de cumprir as medidas establecidas polas autoridades sanitarias autonómicas e estatais competentes, nomeadamente, o cumprimento das obrigas impostas no PHSG, desde o mesmo momento da súa entrada en vigor.

**DÉCIMO.** Visto canto antecede, e de conformidade co réxime xurídico exposto,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Establecer a medida relativa á obriga das persoas titulares dos establecementos de hostalería ou restauración legalmente habilitados situados no ámbito do termo municipal do Concello de Burela, a presentar ante esta Administración local, mediante a oportuna comunicación e no improrrogable prazo de dez días desde a publicación do presente decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, un certificado suscrito por técnico/a competente, no que se recollan os seguintes extremos:

1º.- A cualificación da actividade ou actividade/s de restauración que se desenvolve/n no establecemento de restauración, consonte as tipoloxías recollidas no anexo do vixente Catálogo de espectáculos públicos,

actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

2º.- A capacidade interior do establecemento de restauración, calculada consonte o establecido no dispositivo terceiro do PHSG.

3º.- A capacidade interior do establecemento de restauración, calculada consonte o disposto no artigo 7, letra a), do dito Decreto 124/2019, do 5 de setembro, e, por ende, consonte o disposto no vixente Documento básico DB-SI.3 - seguridade en caso de incendio/evacuación de ocupantes -, do Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo.

4º) Un plano de planta acoutado a escala axeitada, no cal se identifique adecuadamente a disposición do mobiliario no interior do establecemento de restauración ou hostalería, así como as súas diversas dependencias de uso público e privado, e o respectivo cadro de superficies destas.

O devandito plano acoutado, ademais de integrar a documentación do devandito certificado, tamén deberá expoñerse nun lugar visible do establecemento de hostalería ou restauración, aos efectos de facilitar a inspección e control por parte das autoridades sanitarias competentes, os seus axentes e o persoal inspector designado ao efecto.

Dito documento será debidamente dilixenciado polos Servizos Técnicos do Concello de Burela, e servirá de documento acreditativo das superficies utilizadas para os cálculos aos efectos do disposto no apartado segundo do dispositivo terceiro do PHSG.

**SEGUNDO.** Establecer a medida relativa á prohibición, tanto en espazos públicos, como en espazos privados, da instalación de terrazas ao aire libre anexas aos establecementos de hostalería e restauración legalmente habilitados situados no ámbito do termo municipal do Concello de Burela, se non se dispón da preceptiva licenza de actividade nos termos establecidos nos artigos artigos 41 b), e 42 ter da LECEG, e 44 b), e 48 da ORIAE.

Tampouco será posible instalar unha terraza e/ou desenvolver a actividade nela se, ostentado licenza de actividade a tal efecto, porén, a dita terraza non se axusta ao proxecto ou memoria técnica en cuxa virtude foi outorgado o devandito título xurídico habilitante, e todo elo sen prexuízo do eventual procedemento sancionador ou de reposición da legalidade que se poida iniciar nos termos establecidos na LECEG e na ORIAE, fronte ás persoas responsables de dita infracción.

Loxicamente, o anterior non será impedimento para que as persoas titulares de establecementos de hostalería e restauración legalmente habilitados sitos no ámbito do termo municipal do Concello de Burela, poidan solicitar a preceptiva licenza de actividade para a instalación dunha terraza ao aire libre anexa nos termos dos ditos artigos 42 ter da LECEG, e 48 da ORIAE, e con suxeición ás determinacións establecidas nas normas urbanísticas, de accesibilidade e técnicas que resulten de aplicación.

En todo caso, advertir que a licenza de actividade para a instalación de terrazas ao aire libre anexas aos establecementos de hostalería ou restauración legalmente habilitados, non exime da preceptiva obtención da licenza ou autorización de ocupación dos bens de dominio público de titularidade municipal, cando se pretenda instalar esta sobre os mesmos.

**TERCEIRO.** Establecer a medida relativa á obriga das persoas titulares dos establecementos de hostalería ou restauración legalmente habilitados situados no ámbito do termo municipal do Concello de Burela, de velar porque as bebidas alcohólicas - calquera que sexa a súa graduación -, adquiridas polas persoas usuarias nestes, non sexan destinadas ao seu consumo nas vías ou espazos públicos de titularidade municipal.

A tal efecto, no eventual suposto de que as persoas usuarias dos ditos establecementos pretendan consumir as ditas bebidas alcohólicas adquiridas nestes, fóra do interior do local, ou fóra do ámbito delimitado das terrazas legalmente autorizadas, deberán poñer en coñecemento dito feito de inmediato á Policía Local ou, no seu caso, ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

En todo caso, deberá tanto no interior do establecemento, como no exterior - cando se teña instalada unha terraza amparada nunha licenza nos termos legalmente establecidos -, colocarse un cartel informativo no que se indique de forma clara e visible que está prohibido o consumo en grupo de bebidas alcohólicas fóra do dito establecemento ou, no seu caso, do ámbito delimitado da terraza anexa a este

**CUARTO.** Informar ás persoas titulares dos establecementos de hostalería de restauración que, sen prexuízo das obrigas e medidas impostas polas autoridades sanitarias autonómicas, e as establecidas no presente decreto, resulta preceptivo en todo caso, cumprir coas obrigas de información ao público contidas no artigo 19 da LEPARG, así como ter o seguro de responsabilidade civil obrigatorio nos termos dos artigos 8 da LEPARG, e 41 da ORIAE, en relación coa Disposición transitoria terceira de dita lei autonómica.

Advertir tamén que, consonte o disposto nas disposicións citadas, en relación co establecido no artigo 42 ter da LECEG, no caso de que se dispoña dunha terraza ao aire libre anexa a dito establecemento, será preceptivo que o devandito seguro de responsabilidade civil cubra tamén esta.

**QUINTO.** Ordenar á Policía Local do Concello de Burela a que proceda a realizar o seguimento do cumprimento das medidas sanitarias establecidas polas autoridades sanitarias competentes - nomeadamente, as establecidas

no PHSG, e no presente decreto -, mediante a inspección dos establecementos de hostalería ou restauración sitos neste termo municipal, un mínimo de dúas veces á semana, nos termos e co alcance establecidos no dispositivo oitavo de dito plan sanitario autonómico, así como nas normas que lles resultan de aplicación.

Das devanditas inspeccións deberá levantarse a correspondente acta onde se constate os feitos apreciados polos axentes actuantes, relativos ao cumprimento ou incumprimento das devanditas medidas e/ou obrigas legais e regulamentarias. Da dita acta entregaráselle copia ás persoas titulares dos ditos establecementos ou, no seu caso, das persoas en que deleguen esta facultade, podendo formular estas as alegacións que teñan por convenientes. No caso de rexeitar a copia da devandita acta, ou no caso de non estar presente dita persoa titular ou persoa en que deleguen, dita acta notificaráselle nos termos legalmente establecidos.

En todo caso, tal e como establece o apartado sexto do dispositivo oitavo do PHSG, os axentes da Policía Local do Concello de Burela, quedan habilitados para, no suposto de incumprimento das medidas de prevención referidas, logo do requirimento ás persoas titulares dos establecementos de hostalería e restauración e no caso de que este non fose atendido, a adoptar as medidas provisionais establecidas nos artigos 29 da LEPARG, e 46 bis da LSAUG, nomeadamente:

- a) A suspensión inmediata de actividades e o desaloxo e precinto de centros, servizos, establecementos ou instalacións.
- b) Aqueloutras medidas que se consideren necesarias, atendendo as circunstancias concorrentes en cada caso, para garantir a seguridade e saúde das persoas, e que garden a debida proporción atendendo os bens e dereitos obxecto de protección.

As adopción das medidas referidas deberán motivarse sucintamente na acta de inspección, levantada ao efecto, tendo en conta o disposto no apartado sétimo do dispositivo oitavo do PHSG, así como do apartado sétimo do punto 2.13 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

**SEXTO.** O presente decreto será publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como no Taboleiro de Anuncios do Concello de Burela, nos termos, co alcance e aos efectos do disposto no artigo 45.1 a) da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo da notificación individual ás persoas interesadas consonte o disposto nos artigos 40 e seguintes da dita lei procedimental.

**SÉTIMO.** O presente decreto será comunicado aos efectos oportunos, tanto ao corpo da Garda Civil da Compañía de Burela, Posto de Burela, como á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Burela, 3 de maio de 2021.- O alcalde, Alfredo Llano García. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, o secretario, José Miguel Ramos Cuba.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, cabe interpor alternativamente recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía do Concello de Burela, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se se optase por formular recurso potestativo de reposición non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que puidese estimarse máis conveniente.

Burela, 3 de maio de 2021.- O alcalde, Alfredo Llano García. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, o secretario, José Miguel Ramos Cuba.

R. 1263

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de abril do 2021 prestou aprobación ao proxectos de obras denominados "REGULARIZACIÓN DA OCUPACIÓN DOS TERREOS CON INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DEPÓSITOS DO CORNADO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS" E "REGULARIZACIÓN DA OCUPACIÓN DOS TERREOS CON INSTALACIÓNS MUNICIPAIS MIRARDO DO DUQUE", elaborados polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. José Mariño Méndez o que implica a DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA e da NECESIDADE DA OCUPACIÓN, ao abeiro dos artigos 10 e 17 da Lei de Expropiación Forzosa.

Sométese o devandito proxecto ó trámite de información pública por un período mínimo de vinte días hábiles mediante a publicación de anuncio no BOP, para os efectos de presentación de alegacións. De non formularse



reclamacións en tempo hábil, esta aprobación será elevada a definitiva sen máis trámite, segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Monforte de Lemos, 4 de maio de 2021.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 1321

## A POBRA DO BROLLÓN

### Anuncio

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 30/03/2021, aprobou inicialmente o orzamento xeral do exercicio 2021. Conforme o artigo 169 do TRLFL someteuse o expediente a información pública por prazo de 15 días. Non producíndose alegacións durante o citado período resulta definitivamente aprobado o Orzamento, Plantilla e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2021 segundo decreto do sr. alcalde de data 03/05/2021. En cumprimento do que dispón o apartado 3 do artigo 169 do TRLFL, faise público que dito presuposto ascende tanto en gastos como en ingresos as cantidades que se reflicten por capítulos e que a continuación se expresan segundo o seguinte detalle:

	Gastos		Ingresos	
	Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
I	Gastos de persoal	953.744,18	Impostos directos	590.000,00
II	Gastos en bens correntes e servizos	559.545,20	Impostos indirectos	30.000,00
III	Gastos financeiros	4.600,00	Taxas e outros ingresos	430.300,00
IV	Transferencias correntes	88.400,00	Transferencias correntes	693.000,00
V	Continxencias	0,00	Ingresos patrimoniais	2.000,00
	Total gastos correntes	1.606.289,38	Total ingresos correntes	1.745.300
VI	Inversións reais	47.010,62	Alleamento de inversións reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00	Transferencias de capital	0,00
VIII	Variación de activos financeiros	0,00	Variación de activos financeiros	0,00
IX	Variación de pasivos financeiros	92.000,00	Variación de pasivos financeiros	0,00
	Total gastos de capital	139.010,62	Total ingresos de capital	0,00
